



UNIVERSIDADE  
DE VIGO

**Asunto:** Aplicación acordo Consello de Goberno do 24 de xullo de 2004, ATIC.

### **PROPOSTA:**

O Convenio Colectivo de 2002 supuxo unha modificación, unificación e homoxeneización de categorías profesionais e conceptos retributivos do PAS laboral desta Universidade.

A súa Disposición Transitoria Cuarta refírese especificamente ao réxime transitorio de aplicación ao persoal dos servizos informáticos.

O acordo do Consello de Goberno do 24/07/2004 definiu o proceso de aplicación das novas categorías e retribucións previstas no Convenio, vinculándoo ao remate dos procedementos de selección e concurso de traslados.

A obrigada e plena execución do acordo anteriormente citado inclúe o previsto no seu apartado terceiro, que ten unha conexión directa co disposto para o efecto no Convenio Colectivo (artigo 8 e Disposición Transitoria Terceira), o que fai aconsellable fixar coa maior previsión os termos da súa aplicación, para o que se formula a seguinte proposta de acordo:

“Con efectos do 16 de maio de 2006, ao persoal que viñera prestando servizos na área da ATIC –tanto persoal laboral fixo como interino en vacante- con anterioridade, recoñeceráselle un complemento persoal polo importe da diferenza en cómputo anual entre o complemento ao posto que viñera percibindo e o resultante das novas retribucións aplicables.

Este complemento persoal percibirase mentres se mantéña a relación laboral coa Universidade, será actualizable anualmente na porcentaxe xeral de incremento prevista na lei anual de orzamentos da Comunidade Autónoma e será absorbible por calquera mellora xeral ou individual nas retribucións ordinarias especificamente vinculadas ao posto de traballo que se desempeñe (responsabilidade directiva, funcións de coordinación ou xefatura, singularidade ou dificultade técnica ou equivalentes)”.

A formalización desa proposta require da aprobación pola Comisión Paritaria.

Vigo, 7 de xuño de 2006  
O XERENTE

Manuel Castro Oliva